

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 18 de xullo de 2016 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción dun itinerario peonil e ciclista na PO-331, treito Atín, p.q. 1+890-2+810, de clave PO/16/104.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

Antecedentes.

A Lei 8/2013, de estradas de Galicia, determina no seu artigo 6.2 que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia. Os obxectivos da dita estratexia eran o desenvolvemento duns sistemas de transporte que reduzan ao mínimo as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados co fomento da mobilidade alternativa son o uso de modos de transporte non motorizados, mellora da mobilidade, da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar, da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 7 de marzo de 2016 a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou o documento de Fomento da Mobilidade Sostible: sendas peonís e/ou ciclistas na comarca de Vigo, onde unha das sendas propostas era un itinerario peonil e ciclista na PO-331, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo Itinerario peonil e ciclista na PO-331. Treito: Atín, p.q. 1+890-2+810, de clave PO/16/104.06. O dito proxecto ten por obxecto a mellora da circulación peonil e ciclista nun treito da estrada PO-331; infraestrutura viaria que conecta o núcleo urbano do Porriño, así como o seu contorno industrial, coa zona de Val Miñor (Gondomar), e por extensión coa zona costeira da Ramallosa (Nigrán).

As obras previstas comprenden tamén as seguintes actuacións:

- Construción dunha senda peonil e ciclista na marxe esquerda da estrada PO-331, dando continuidade ao itinerario peonil existente desde o núcleo urbano do Porriño.
- Mellora do itinerario peonil e ciclista de acceso ao CEIP Atín.



– Mellora da accesibilidade no itinerario peonil, mediante beirarrúas na marxe dereita da PO-331.

– Ampliación da intersección e construción dun cambio de sentido.

– Implantación da rede de saneamento no núcleo de Atín.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), na Casa do Concello de Mos (rúa Reguengo, s/n, 36416 Petelos, Mos, Pontevedra) e na Casa do Concello de Porriño (rúa Antonio Palacios, 1, 36400 O Porriño, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://www.civ.xunta.es/tema/c/Infraestruturas\\_Estradas](http://www.civ.xunta.es/tema/c/Infraestruturas_Estradas)), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: x2k7cqe1-as32-vou4-ijj1-zdhs3mna6ox9



## ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**

Proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na PO-331.

Treito: Atín, p.q. 1+890-2-810.

Clave: PO/16/104.06.

| Nº de orde | Referencia catastral | Polígono | Parcela | Titular                             | Superficie expropiación tipo rural | Cultivo                      | Bens e observacións   |
|------------|----------------------|----------|---------|-------------------------------------|------------------------------------|------------------------------|-----------------------|
| 1          | 36039A01000011       | 010      | 00011   | Bacelo Ramilo, M. Jesusa            | 26                                 | C - Labor ou labradío secaño | 4 m.l. malla de peche |
| 2          | 36039A01000010       | 010      | 00010   | Descoñecido                         | 14                                 | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 3          | 36039A01000009       | 010      | 00009   | Alonso Ramilo, Nieves               | 28                                 | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 4          | 36033A06206001       | 062      | 06001   | Garrido Alonso, José Ángel e outros | 59                                 | MT - Matogueira              |                       |
| 5          | 36033A07200577       | 072      | 00577   | Durán López, Ángeles                | 37                                 | I - Improdutivo              |                       |
| 6          | 36033A07200576       | 072      | 00576   | Ramírez Lago, Dolores e outros      | 28                                 | I - Improdutivo              |                       |
| 7          | 36033A07200575       | 072      | 00575   | Ramírez Costas, M. Carmen           | 26                                 | I - Improdutivo              |                       |
| 8          | 36033A07200574       | 072      | 00574   | Lago Lorenzo, Daniel                | 64                                 | MM - Piñeiral madeiro        |                       |
| 9          | 36033A07200573       | 072      | 00573   | Lago Lorenzo, Cándida               | 66                                 | MM - Piñeiral madeiro        |                       |
| 10         | 36033A07200571       | 072      | 00571   | Represas Pereiro, M. Esther         | 274                                | MT - Matogueira              |                       |
| 11         | 36033A07200570       | 072      | 00570   | Pereiro Lorenzo, Narciso Ramón      | 58                                 | I - Improdutivo              |                       |
| 12         | 36033A07200567       | 072      | 00567   | Rodríguez González, José Luis       | 39                                 | I - Improdutivo              |                       |
| 13         | 36033A07200566       | 072      | 00566   | Pérez Lago, María                   | 67                                 | MT - Matogueira              |                       |
| 14         | 36033A07200565       | 072      | 00565   | González da Graza, Santiago e outro | 3                                  | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 15         | 36033A07200555       | 072      | 00555   | Almacén Nos 93, S.L.                | 31                                 | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 16         | 36033A07200554       | 072      | 00554   | Descoñecido                         | 46                                 | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 17         | 36033A07200498       | 072      | 00498   | Alonso Alonso, Elisa                | 3                                  | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 18         | 36033A07200490       | 072      | 00490   | Represas, Carmen                    | 10                                 | C - Labor ou labradío secaño |                       |
| 19         | 36033A07200488       | 072      | 00488   | Rodríguez Rodríguez, Juan           | 16                                 | PD - Prados ou pradarías     |                       |
| 20         | 36033A07200487       | 072      | 00487   | Ledo Barreiro, Jorge                | 41                                 | PD - Prados ou pradarías     |                       |

CVE-DOG: x2k7cqe1-as32-vou4-ijj1-zdns3mna6ox9



| Nº de orde | Referencia catastral | Polígono | Parcela | Titular                                 | Superficie expropiación tipo rural | Cultivo         | Bens e observacións                  |
|------------|----------------------|----------|---------|-----------------------------------------|------------------------------------|-----------------|--------------------------------------|
| 21         | 36033A07200486       | 072      | 00486   | Avendaño Vázquez, Matilde A.            | 9                                  | I - Improdutivo |                                      |
| 22         | 36033A07100467       | 071      | 00467   | Alonso Táboas, Manuel                   | 97                                 | I - Improdutivo | 11 m³ muro de pedra. 38 m² emparrado |
| 23         | 36033A07109023       | 071      | 09023   | Industrias Frigoríficas del Louro, S.A. | 408                                | I - Improdutivo |                                      |
| 24         | 36033A07200593       | 072      | 00593   | Alonso Taboas, Celso                    | 0                                  | I - Improdutivo |                                      |
| 25         | 36033A07200594       | 072      | 00594   | Lorenzo Alonso, Manuel                  | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 26         | 36033A07200498       | 072      | 00498   | Alonso Alonso, Elisa                    | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 27         | 36033A07200491       | 072      | 00491   | Táboas Rodríguez, Rosa                  | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 28         | 360033A07200492      | A07      | 20049   | Descoñecido                             | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 29         | 360033A07200596      | A07      | 20059   | Descoñecido                             | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 30         | 36033A07200497       | 072      | 00497   | Ramírez Costas, José Ramón              | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |
| 31         | 36033A07100466       | 071      | 00466   | Sorodio Rodríguez, José                 | 0                                  | I - Improdutivo | Afeccións en dominio público         |

Nota: as parcelas 1, 2 e 3 pertencen ao Concello de Mos, a pesar de que figuran como do Concello do Porriño na cartografía da Xerencia Territorial do Catastro.

